Por outro lado, o fenómeno da deslocalización pode ser de diferentes tipos. Pode ser total ou parcial; interna ou externa á empresa; pode producirse dentro dunha mesma empresa transnacional, ou entre empresas diferentes. Así mesmo, a deslocalización pode darse a nivel internacional (dentro dos estados membros da Unión Europea o fóra da Unión Europea) ou dentro dun mesmo Estado. Neste último caso, as deslocalizacións adoitan estar conectadas á existencia de vantaxes de tipo. En todo caso, a finalidade está ligada a un incremento de beneficios.

Mais, en calquera caso, cómpre distinguir a referida práctica deslocalizadora dunha simple expansión empresarial, pois a primeira conleva unha clara substitución dunha instalación, actividade, función ou proceso empresarial asentados nun lugar, polo seu traslado a outro lugar.

Debemos salientar como consecuencia principal que acompaña toda deslocalización a perda de emprego no país de orixe da empresa, así como o efecto “multiplicador” -e “contaxioso”- que moitos estudosos deste fenómeno atribúen a esta práctica e a súa doada conversión en estratexia empresarial común, por mor da aplicación da regra da competitividade imperante no sistema económico vixente. Asemade, é indubidábel a presión que a ameaza deslocalizadora supón de cara a degradación xeneralizada das condicións laborais en todo o mundo.

Polo anteriormente sinalado, os procesos de deslocalización constitúen un motivo de preocupación nas diversas institucións políticas. Desde os primeiros





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informes da Unión Europea sobre reestruturación industrial e deslocalización até a actualidade, vanse tomando algunhas medidas paliativas ou de contención. Así, o Parlamento Europeo propuxo facer un seguimento rigoroso de pechamento de empresas e a deslocalización da súa produción; de aí que a propia Unión Europea establecese mecanismos para a devolución de axudas públicas a empresas que acudan a esta práctica, dentro dos oito anos posteriores a recepción das mesmas.

Recentemente, con data de 20 de decembro de 2024, vense de publicar no Boletín Oficial das Cortes Xerais do Estado o proxecto de Lei de Industria e Autonomía Estratéxica, que introduce algunhas medidas relacionadas con este problema. Neste sentido, o antedito proxecto de Lei contempla a obriga de comunicación ao Goberno do Estado, por parte daquela empresa que decida concluír a súa actividade industrial dentro do Estado, quen deberá avisar cunha antelación de nove meses. Así mesmo, tamén se establece a obriga de devolver as axudas públicas recibidas durante os últimos cinco anos, sempre que sexan superiores a tres millóns de euros, para o caso de que unha industria decida poñer fin á súa actividade dentro do Estado, baixo a condición de que isto supoña a redución en máis dun 65% da súa produción ou en 500 persoas traballadoras ou máis, o seu cadro de persoal.

De todas formas, dados os prexuízos laborais e económicos que a deslocalización produce, serían desexábeis actuacións máis ambiciosas.

Cómpre ter en conta que na nosa contorna estanse levando a cabo determinadas actuacións – así como a adopción de medidas dirixidas á atracción e retención de empresas no propio país, en evitación de eventuais deslocalizacións- que conlevan a recepción por parte destas últimas de cantidades inxentes de diñeiro público, a través do mecanismo das axudas públicas para múltiples finalidades (en I+D+i; para formación profesional; para a reestruturación de empresas con dificultades económicas; ...) e outro tipo de actividades administrativas de fomento, como incentivos fiscais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(bonificacións, exencións, ...)

Dito o anterior, semella lóxico que as referidas axudas públicas a empresas teñan, canto menos, a súa contrapartida e impliquen un retorno para a sociedade da que proceden. O que non é asumíbel é que unha vez embolsadas as cantidades correspondentes de diñeiro público, as empresas procedan ao seu traslado a outros países. De aí que se estean aprobando leis que aborden estas cuestións.

Tal é o caso do Parlamento de Navarra e a aprobación da Ley Foral 18/2020, de 16 de diciembre, sobre medidas a favor del arraigo empresarial y contra la deslocalización empresarial ou a reforma da Ley 20/2023, de 21 de diciembre, Reguladora del Régimen de Subvenciones, a través da inclusión dun novo Título V, baixo a rúbrica “De la recuperación de ayudas en el supuesto de deslocalizaciones empresariales.”, para o caso de Euskadi.

Obviamente, Galiza non é allea a todo o que vimos de relatar. Por razóns histórico-políticas, o noso país ten asignado un papel periférico dentro do Estado e da UE, polo que o seu status industrial aparece condicionado polos intereses do centro do sistema político-económico. Por outro lado, a implementación de políticas industriais de carácter extractivista (a través da implantación de empresas cuxo único obxectivo é a subtracción de materias primas e industrias de enclave que non finalizan os ciclos produtivos aquí) conleva a necesidade imperiosa de tomar medidas para defender a permanencia da nosa base produtiva, da súa actividade económica e emprego.

Neste contexto, levamos anos observando a deslocalización de actividades empresariais como unha grande ameaza para o presente e futuro da industria galega e para a súa clase traballadora. O traslado de actividades produtivas a outros lugares en diferentes sectores empresariais, tales como o téxtil, a automoción, a conserva ou o sector tecnolóxico supuxo a perda de numerosos postos de traballo e xeración de graves





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consecuencias socioeconómicas, chegando a provocar o devalar de comarcas enteiras, nun efecto que se acumula ás graves consecuencias que se derivaron dos falsos procesos de “reconversión” executados ou en curso.

En todo caso, a cantidade de axudas públicas é de tal relevancia que pon de manifesto a necesidade de adoptar medidas xurídicas capaces de orientalas ao efectivo afianzamento e/ou desenvolvemento industrial endógeno e, por conseguinte, á creación de emprego estábel suxeito a condicións laborais dignas. E existen sectores como o téxtil ou a automoción que fan precisa unha normativa que poña límites a estes procesos, baseándose no deber de control de fondos públicos. A modo de exemplo, diremos que a fins de 2024 a Xunta de Galiza anunciaba o destino de 230 millóns de euros até 2027 para a transformación da automoción ao automóbil eléctrico, así como a convocatoria de axudas extraordinarias por 50 millóns de euros para auxiliares.

Tendo en conta que o fenómeno das deslocalizacións constitúe unha das principais ameazas para a actividade económica, o emprego e o benestar do noso país, é esencial o establecemento de instrumentos legais que obriguen ás empresas beneficiarias de axudas públicas a manter as súas actividades empresariais en Galiza e o reintegro das axudas e subvencións percibidas para aquelas que procedan á súa deslocalización. Trátase pois de garantir que as axudas públicas teñan o necesario e correlativo retorno e coadxuven ao progreso económico e social, poñendo fin a que estas sexa utilizadas de maneira perversa para financiar a expatriación de tecido produtivo, coñecemento e emprego.

II

A presente Lei conta cunha exposición de motivos e oito artigos, divididos en dous capítulos; tres disposicións adicionais; unha disposición transitoria única; unha disposición derogatoria e dúas disposicións finais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Capítulo I está dedicado ás disposicións xerais, e contén a determinación do obxecto da presente Proposición de Lei así como o seu ámbito de aplicación subxectiva e obxectivamente considerado.

O artigo 4 contén a definición do termo “deslocalización” e as condicións precisas para considerar unha conduta empresarial dentro deste marco conceptual.

O Capítulo II está integrado polos artigos 5 a 8 (ambos incluídos) e fai referencia ás responsabilidades das empresas á hora de recibir axudas públicas; os dereitos que as asisten fronte a emisión do departamento da Xunta de Galiza dun informe declarativo da deslocalización e as consecuencias para as empresas cando a deslocalización se tivese comprobado, co conseguinte deber de reintegro das axudas recibidas máis os xuros deivindicados desde a concesión da subvención.

As disposicións adicionais, transitoria única, derogatoria e finais acomódanse ao establecido habitualmente en ditas disposicións.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. A presente lei ten por obxecto determinar o réxime de obrigas e limitacións das empresas que perciben axudas das administracións públicas, organismos e entes públicos integrantes do sector público autonómico galego, perante eventuais procesos de deslocalización empresarial.

2. As axudas de todo tipo percibidas polas empresas das entidades integrantes do sector público autonómico de Galiza estarán suxeitas a actuacións de desenvolvemento da actividade empresarial galega e irán destinadas á radicación,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consolidación e afianzamento empresarial en Galiza, así como á creación de emprego estábel suxeito a condicións laborais dignas.

3. Todo tipo de axuda á que se refire o apartado 1 do presente artigo 1 leva implícita a interdicción de calquera proceso de deslocalización.

4. Para os efectos desta lei constitúen entes integrantes do sector público autonómico a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as seguintes entidades:

- a) Entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral ou doutras entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galiza. Nesta categoría inclúiranse os organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais e os consorcios autonómicos.
- b) Outras entidades instrumentais respecto das que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza exerce xuridicamente, de forma directa ou indirecta, unha posición de dominio, entendendo como tal, para estes efectos, aquela na que se exerce un control análogo ao dos propios servizos da Administración. Nesta categoría inclúiranse as sociedades mercantís públicas autonómicas e as fundacións do sector público autonómico.

Artigo 2. Ámbito subxectivo de aplicación

1. Esta lei aplicarase ás empresas con centro de traballo no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza que fosen beneficiarias de axudas públicas e se achen nalgún dos supostos aos que se refire o artigo seguinte.

2. Esta lei pretende garantir que as axudas percibidas polas empresas ás que alude o apartado 1 do presente precepto conleven o correspondente retorno económico





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para Galiza, mediante a súa suxeición a actuacións de desenvolvemento da actividade empresarial galega, con supeditación á finalidades de radicación, consolidación e afianzamento empresarial en Galiza; creación de emprego estábel suxeito a condicións laborais legalmente establecidas e interdicción de todo tipo de deslocalización.

3. Así mesmo, a presente lei será de aplicación ás asociacións que desenvolvan a súa actividade no ámbito empresarial.

Artigo 3. Ámbito obxectivo de aplicación

Para os efectos da presente lei, terán a consideración de axudas públicas recibidas do sector público autonómico galego, entendido conforme o apartado 4 do artigo 1, as subvencións públicas contempladas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza, ou norma posterior que a substitúa, así como calquera outra axuda pública con independencia da forma xurídica que esta puidera adoptar.

Quedarán exentas da consideración establecida no parágrafo anterior as subvencións, axudas e incentivos destinados á normalización da lingua galega.

Así mesmo, a través do correspondente desenvolvemento regulamentario, poderán quedar exentas da consideración á que alude o parágrafo primeiro deste precepto aquelas subvencións de carácter extraordinario que teñan por obxecto suplir carencias estruturais galegas que impidan o desenvolvemento empresarial e non sexan obxecto de cobertura dentro da actuación habitual de calquera proxecto empresarial. A antedita exención deberá estar suficientemente motivada, así como probada a súa non cobertura habitual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 4. Deslocalización empresarial

1. Para os efectos desta lei, considerarase producida unha deslocalización empresarial cando concorran as dúas seguintes circunstancias:

- a) Que se produza o cesamento ou unha redución significativa da actividade da empresa na Comunidade Autónoma de Galiza.
- b) Que, simultaneamente, ou no prazo dos cinco anos inmediatos anteriores ou posteriores ao momento no que se produza a situación anterior, se desenvolva noutros lugares, fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galiza, a mesma actividade que desenvolvía a empresa neste territorio, por parte da mesma entidade que tiver cesado na súa actividade ou por medio doutra entidade que garde con aquela algunha das relacións á que se refire o artigo 42 do Código de Comercio e/ou o artigo 18 da vixente Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades -referente ás actividades vinculadas, ou norma posterior que a substitúa-; ou pertenza ao mesmo grupo de empresas, para os efectos laborais.

2. Enténdese que se produce o cesamento da actividade, tanto nos supostos de disolución da entidade como naqueloutros nos que, sen producirse esa circunstancia, lévase a cabo o pechamento da totalidade ou parte das instalacións produtivas que a entidade mantiver na Comunidade Autónoma de Galiza

3. Enténdese que se produce una redución significativa da actividade cando se produza unha redución no emprego da entidade na Comunidade Autónoma de Galiza que supoña, ao menos, a redución do persoal empregado nela nun terzo do que tiver con antelación á redución. Para estes efectos, atenderase ao promedio do cadro de persoal da entidade, no prazo dos tres últimos anos inmediatamente anteriores ao momento no que concorran as circunstancias contidas no punto 1, cuxo centro de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballo radique na Comunidade Autónoma de Galiza.

4. Enténdese que se desenvolve noutros lugares fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galiza a mesma actividade que desenvolvía a empresa no referido territorio, tanto no suposto de inicio de actividade nos devanditos lugares como no caso de que se produza neles un incremento do nivel de actividade empresarial que for proporcional ao que deixara de exercer ou se reducira significativamente na Comunidade Autónoma de Galiza.

5. Nos supostos excepcionais e debidamente xustificados poderase entender que non existe deslocalización empresarial sempre que, simultaneamente á concorrência das anteditas circunstancias, a entidade, directamente ou por medio de outra entidade que garde con aquela algunha das relacións as que se refire o artigo 42 do Código de Comercio e/ou no artigo 18 da vixente Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades -referente ás actividades vinculadas- ou norma posterior que a substitúa, inicie a realización de novas actividades empresariais na Comunidade Autónoma de Galiza que dean como resultado a creación dun número semellante ou superior de postos de traballo aos suprimidos noutra zona da Comunidade Autónoma de Galiza.

CAPÍTULO II

Responsabilidades de titulares de empresas que reciben axudas públicas

Artigo 5. Compromiso empresarial

Deberase recoller o compromiso de non incorrer en deslocalización empresarial como parte do contido mínimo preciso para a redacción das bases reguladoras para a concesión das subvencións definidas no artigo 3, así como dos negocios xurídicos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polos que se formalicen as operacións de concesión de axudas, por parte das entidades do Sector Público Autonómico Galego.

Artigo 6. Declaración da deslocalización empresarial

1. A declaración da deslocalización empresarial realizarase por acordo do Consello da Xunta de Galiza, a medio de proposta do departamento competente en materia de desenvolvemento económico e/ou empresarial.

2. A declaración da deslocalización empresarial poderá iniciarse dentro do prazo dos cinco anos seguintes á concorrencia das circunstancias establecidas no artigo 4 da presente lei.

3. O procedemento iniciárase mediante un informe do departamento competente en materia de desenvolvemento económico e/ou empresarial que xustifique a concorrencia das circunstancias establecidas no artigo 4.

O antedito informe, elaborado en primeira instancia, notificárase ao interesado, quen disporá dun prazo de trinta días para realizar as alegacións que considere pertinentes, perante o ditaminado polo antedito informe, así como, en xeral, exercer a defensa dos seus dereitos.

4. Concluído o prazo anterior, a persoa titular do departamento competente elevará, no seu caso, a proposta ao Consello da Xunta de Galiza, para a declaración de deslocalización empresarial da entidade correspondente.

5. Para concluír o procedemento e, previa análise do informe e da información recibida, o Consello da Xunta de Galiza disporá de dúas opcións:

- a) Acordar a declaración de deslocalización da empresa.
- b) Desistir da declaración de deslocalización da empresa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En ambos casos, a resolución será notificada á persoa interesada.

6. Na resolución final do Goberno Galego establecerase a data na que se entenda producida a deslocalización da empresa, que será a que deba ser tida en conta para os efectos do disposto nesta lei.

Artigo 7. Reintegro da axuda recibida

1. A declaración de deslocalización empresarial suporá a obriga para a empresa de proceder ao reintegro das subvencións percibidas nos últimos dez anos, xunto cos xuros de demora deivindicados desde o momento da recepción de cada cantidade até a data da antedita declaración.

2. A referida declaración producirá asemade a obriga para a empresa de proceder ao aboamento dun recargo do 25% do importe das subvencións a reintegrar.

3. Para a tramitación do reintegro será de aplicación o establecido pola lei galega vixente en materia de subvencións.

4. O Goberno da Xunta de Galiza desenvolverá regulamentariamente o procedemento polo que se cuantificará o reintegro, nos supostos de axudas distintas das subvencións concedidas pola Administración da Comunidade Autónoma de Galiza e/ou demais entidades integrantes do Sector Público Autonómico Galego.

Artigo 8. Coñecemento e análise sobre o fenómeno da deslocalización empresarial

O Goberno da Xunta de Galiza, co fin de mellorar o coñecemento sobre os procesos de deslocalización empresarial, artellará unha unidade administrativa dependente da consellaría competente en materia de desenvolvemento económico e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresarial, que terá por obxecto a investigación estábel, en colaboración co resto de institucións e as centrais sindicais máis representativas con sede na Comunidade Autónoma, sobre os efectos da globalización no tecido empresarial local e rexional e os procesos de deslocalización empresarial en Europa e na Comunidade Autónoma de Galiza.

Disposición adicional primeira.- Modificación da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza

No prazo de seis meses, o Goberno Galego procederá a modificar a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza para adecuala ao establecido na presente lei.

Disposición adicional segunda. Desenvolvemento regulamentario

No prazo de seis meses o Goberno da Xunta de Galiza aprobará as disposicións de carácter regulamentario precisas para o desenvolvemento e aplicación da presente lei.

Disposición adicional terceira. Creación dunha unidade administrativa de análise sobre a deslocalización empresarial e/ou industrial

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 8 da presente Lei, a Xunta de Galiza, no prazo máximo de oito meses, levará a cabo as actuacións precisas para crear a unidade administrativa, dependente da consellaría competente en materia de desenvolvemento económico e empresarial, prevista no referido precepto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición transitoria única. Réxime transitorio das subvencións concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei

O disposto nesta lei será de aplicación ás subvenciones concedidas con anterioridade á súa entrada en vigor, sempre que a deslocalización, conforme o definido no artigo 4, se produza a partir da entrada en vigor da presente lei e non teñan transcorrido dez anos desde a concesión da subvención.

O recargo establecido no artigo 7.2, só será de aplicación ás subvencións que se concedan a partir da entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas cantas disposicións normativas se opoñan á presente Lei.

Disposición final primeira. Habilitación regulamentaria

Facúltase á Xunta de Galiza para ditar cantas disposicións regulamentarias foren precisas para o adecuado desenvolvemento desta norma

Disposición final segunda. Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE MEDIDAS PARA A CONSOLIDACIÓN, AFINANZAMENTO E RADICACIÓN EMPRESARIAL EN GALIZA E CONTRA A DESLOCALIZACIÓN EMPRESARIAL.

- Constitución Española de 1978.
- Estatuto de Autonomía de Galiza.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza.
- Código de Comercio. Artigo 42.
- Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.
- Decreto- Lei 1/2023, de 10 de xaneiro, de Medidas Urxentes en materia de incentivos á contratación laboral e mellora da protección social das persoas artistas. (Disposición Adicional Segunda, relativa ao reintegro de subvencións e beneficios de seguridade social en materia de contratación e emprego en supostos de deslocalización empresarial).

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 24/04/2025 10:16:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de incorporar psicólogos/as clínicos/as nos centros de saúde de Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 16 anos de goberno do PP a situación da atención á saúde mental das galegas e galegos é moito máis que preocupante. Os indicadores evolucionan todos negativamente: incremento na incidencia dos trastornos psíquicos, da taxa de suicidios, aumento do consumo de psicofármacos... E pola contra, os recursos asistenciais específicos baixo mínimos

Houbo que agardar a 2017 para que aprobaran un plan de atención ao suicidio, do que non coñecemos ningunha valoración do nivel de cumprimento do mesmo

Agardar até 2020 para presentar un plan de saúde mental, que tampouco sabemos o nivel de cumprimento. De cumprirse na súa integridade nin estaríamos na media dos profesionais que a Xunta de Fraga consideraba preciso en 1997, hai 27 anos.

A magnitude dos problemas de saúde mental contrasta coas dificultades de acceso aos servizos sanitarios.

Coa Atención Primaria colapsada e os hospitais coas listas de espera desbordadas, o acceso ao circuíto sanitario fíxose aínda máis complicado para os trastornos mentais. Os e as doentes chegan tarde e chegan mal. Medran os casos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

depresión e ansiedade, descompensase os trastornos graves e aumentan os de conduta alimentaria ou as tentativas de suicidio especialmente preocupante entre os e as máis novos/as.

Un problema leve de saúde mental non atendido ten moitas posibilidades de evolucionar a unha patoloxía grave, como ocorre co resto de enfermidades cando non son tratadas.

Se a accesibilidade non é posíbel córrese o risco de que se cronifiquen os problemas e sexa moito máis difícil atallalos.

Atención Primaria é fundamental para garantir a accesibilidade e unha atención próxima, razón pola cal se formulan as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai incluír nos orzamentos da Xunta para o ano 2026 unha partida de cinco millóns de euros para incorporar o vindeiro ano nos Centros de Saúde de Atención Primaria cen de prazas de psicólogos/as clínicos/as, que permita atención directa nos mesmos?

Van aumentar os recursos, dispositivos e persoal para poder prestar a atención precisa na atención á saúde mental?

Cal é a avaliación da aplicación do Plan de Saúde Mental 2020-2024?

Cal é a avaliación da aplicación do Plan de Prevención do Suicidio aprobado en 2017?

Coida o Goberno galego que coas contías contempladas nos orzamentos da Xunta para a saúde mental se vai reverter a situación de déficit endémico?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións está realizando a Xunta diante da altísima prevalencia do suicidio en Galiza?

Teñen algún estudo sobre as características das persoas suicidas en Galiza?, si é así cal é o resultado do mesmo?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2025 10:59:40

Iria Carreira Pazos na data 11/04/2025 11:00:10





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a seguridade viaria é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

No municipio de Ames, a mellora da seguridade viaria e da accesibilidade a todos os núcleos de poboación é unha necesidade urxente que se leva demandando dende fai moitos anos, debido aos numerosos problemas de seguridade viaria que presentan varias das súas vías.

Na vía AC-453, a estrada que une Roxos con Portomouro presenta unha importante carencia de beirarrúas en boa parte do traxecto o que supón un serio perigo para os peóns que se ven obrigados a circular pola calzada en gran parte da estrada. Ademais, este vial interior ten unha elevada densidade de tráfico, tamén de vehículos de alta tonelaxe, sobre todo tras converterse nun tramo alternativo para comunicar o noroeste e suroeste de Galicia despois da apertura da autovía Santiago-Brión no ano 2008, o que pon aínda máis en risco





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 11:39:53
Nº Rexistro: 23996
Data envío: 11/04/2025 11:39:53,732

a vida dos peóns e evidencia a necesidade urxente de mellorar a seguridade viaria da vía.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a mellorar a seguridade viaria da estrada Roxos-Portomouro na vía AC-453?
2. É consciente a Xunta de Galicia do estado da vía AC-453, especialmente da estrada Roxos-Portomouro?
3. Preocúpalle á Xunta de Galicia o serio perigo que están a pasar os peóns e vehículos que diariamente transitan por ela?
4. Por que non se ten acometido unha reforma nesta estrada para mellorar a súa seguridade viaria?
5. Cando se vai realizar a mellora desta infraestrutura?

Santiago de Compostela, a 11 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/04/2025 11:34:35

Carlos López Font na data 11/04/2025 11:34:46

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80839

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O Consello da Xunta anunciou, tras a súa reunión realizada en Ferrol, un informe sobre as actuacións de obras e equipamentos realizados nos centros dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade na cidade de Ferrol e na súa comarca.

A primeira actuación prevista e a finalización das obras da residencia de maiores pública que impulsa a Fundación Amancio Ortega en Ferrol e que contará con 120 prazas públicas, zonas de atención especializada e servizos de comedor, podoloxía, ximnasio, salas de convivencia ou salón de peiteado, entre outros.

En canto ás residencias de maiores públicas, dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade, a residencia autonómica de Laraxe require dunha reforma integral para mellorar tanto as instalacións como a calidade do servizo. Pola súa parte, a residencia autonómica de Caranza tamén precisa dunha renovación das infraestruturas en todas as súas plantas, incluíndo a instalación





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2025 12:09:23
Nº Rexistro: 24005
Data envío: 11/04/2025 12:09:23.752

eléctrica, o sistema de contraincendios, así como a envolvente e a cuberta do edificio.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as previsións de posta en marcha da residencia pública de maiores construída pola Fundación Amancio Ortega no Concello de Ferrol, así como o modelo xestión que se utilizará?
2. Cales son as obras previstas para a actualización nas infraestruturas e servizos das residencias públicas de Laraxe e Caranza no Concello de Ferrol indicando proxectos de adecuación, presupostos e prazos?

Santiago de Compostela, a 10 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 11/04/2025 12:04:10

Silvia Longueira Castro na data 11/04/2025 12:04:18

Elena Espinosa Mangana na data 11/04/2025 12:04:26

CSV: BOPGDSPG-zijysrvH-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

80841

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Valcárcel Armesto e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a protección e conservación da especie *Margaritifera margaritifera* ou mexilón de río, especialmente as poboacións do río Ulla ameazadas polo vertido industrial da celulosa de Altri.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mexilón de río () é unha especie de fauna ameazada que aínda que pervive nos ríos atlánticos galegos está nun proceso de regresión continua. Está incluído no *Catálogo Galego de Especies Ameazadas*, na categoría “en perigo de extinción”. A regresión das poboacións de mexilón de río está relacionada coa degradación ambiental das bacías hidrográficas.

O mexilón de río é un organismo de grande valor para a biodiversidade dos ecosistemas fluviais: funciona como bioindicador da calidade das augas, realiza un labor de depuración natural polo filtrado de nutrientes, e actúa como especie paraugas que favorece a outros organismos. Segundo a profesora de zooloxía e investigadora do proxecto LIFE+ Margal Ulla Mari Paz Ondina Navarret “a súa desaparición provocaría unha diminución apreciable da biodiversidade e un deterioro das condicións ambientais da auga e do leito fluvial”.

Tanto a Xunta como a USC levan tempo desenvolvendo diversos estudos e proxectos de investigación orientados á conservación e mellora da especie. O principal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destes proxectos foi o “LIFE+ Margal Ulla”, desenvolvido entre 2010-2016 co obxectivo de estudar e recuperar as poboacións de mexilóns do río Ulla”.

Tanto a Xunta como a Fundación Biodiversidade financiaron nos últimos anos novos proxectos para darlle continuidade aos traballos realizados ao abeiro do “LIFE+ Margal Ulla”. No ano 2020 a Xunta e a USC asinaron un convenio para desenvolver e mellorar o proceso de cultivo do mexilón de río nas instalacións do Centro Ictioxénico do Veral (Lugo).

Pola súa parte, a Xunta adxudicou nos últimos anos diversos contratos relacionados co coñecemento da situación do mexillón de río e o desenvolvemento de medidas de conservación da especie.

O último destes contratos foi adxudicado á USC en xuño de 2023 para a realización do “Servizo para a actualización da información relativa á distribución e abundancia da especie de fauna ameazada *Margaritifera margaritifera* en Galicia durante o ano 2023, cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020”. O prezo de adxudicación foi de 64.170 euros e o prazo de execución do servizo foi de cinco meses e medio desde a formalización do contrato (desde o 27-7-2023).

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Por que razón non aprobou a Xunta o plan de recuperación da especie de fauna ameazada *Margaritifera margaritifera* (mexilón de río) e que previsións ten ao respecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a distribución e abundancia da especie de fauna ameazada *Margaritifera margaritifera* (mexilón de río) en Galiza?

Que resultados tivo o proxecto LIFE+ Margal Ulla, que medidas se desenvolveron ao abeiro deste proxecto e doutros posteriores para garantir a protección, conservación e recuperación das poboacións de *Margaritifera margaritifera* (mexilón de río) no Ulla?

Cal é a situación da especie *Margaritifera margaritifera* (mexilón de río) no treito entre o nacemento do río Ulla e o encoro de Portodemouros e que afección tería sobre esta especie o vertido industrial da planta de celulosa de Altri?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 11/04/2025 12:46:54

Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/04/2025 12:47:05

Iria Carreira Pazos na data 11/04/2025 12:47:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza na VAC costa norte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de Vía de alta capacidade que debía unir Ferrol con San Cibrao pasando por Ortigueira (VAC Costa norte) foi anunciado no ano 2001 polo Sr. Cuíña, na altura conselleiro de Obras públicas do goberno de Fraga, e debía estar rematado no ano 2007.

As obras comezaron no ano 2009 e a día de hoxe tan só están executadas as variantes de Ortigueira e Xove, unha porcentaxe ridícula do total do proxecto.

Nos orzamentos para o ano 2023 da Axencia de infraestruturas aparecían dous proxectos relacionados con esta obra na partida 600.1 do programa 512B, un deles especificamente para o tramo AG64-Sanguíñeira, no Concello de San Sadurniño, que a todas luces quedaron sen executar, xa que no lugar indicado aínda non se realizaron ningún tipo de traballos.

O proxecto da VAC, alén de comunicar as comarcas de Ferrol e A Mariña, era fundamental para conectar a comarca do Ortegal, unha das máis deprimidas económica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e demograficamente, e o seu atraso é sinalado unanimemente como unha das causas fundamentais da persistencia do declive deste territorio.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

1. Cal é o grao de execución actual do Proxecto de Vía de alta capacidade Ferrol-San Cibrao?
2. Cal é o grao de execución das partidas comprometidas para este proxecto no orzamento do ano 2023?
3. Cal é a situación da problemática relacionada co Concello de Viveiro?
4. Cal é a situación do tramo AG64-SANGUIÑEIRA?
5. Cando prevé a Xunta de Galiza que será realidade a conexión Ferrol-Ortigueira?
6. Cando prevé a Xunta de Galiza que finalizará completamente o proxecto VAC Ferrol-San Cibrao?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Daniel Castro García

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 11/04/2025 12:55:10

José Manuel Golpe Acuña na data 11/04/2025 12:55:24

Daniel Castro García na data 11/04/2025 12:57:03

Luis Bará Torres na data 11/04/2025 12:57:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez e Carmela González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a modernización e mellora de servizos na liña ferroviaria Vigo-Porto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O 28 de setembro de 2022, o goberno portugués presentou a Nova Liña de Alta Velocidade Lisboa Porto, un proxecto que debería estar rematado en 2030. No mesmo acto, anunciáronse os plans da nova liña Porto Vigo, que se prevé desenvolver en fases, con un trazado de dobre vía por Nine-Braga-Valençá (paralelo ao actual trazado da Linha do Minho que vai por Nine-Viana-Caminha-Valençá). A previsión do goberno portugués é que o treito Valençá-Braga se execute entre 2026- 2030, igual que a conexión Porto-Aeroporto Sá Carneiro. A fase Braga-Aeroporto quedaría para despois de 2030.

Se ben este proxecto está menos desenvolvido que o da liña Lisboa-Porto, a intervención dos representantes do goberno portugués nese acto do 28 de setembro de 2022 constitúen un fíto histórico xa que situaron como prioridade de Portugal a conexión e a vocación atlántica do país, e a liña do tren de velocidade entre Galiza e Lisboa como o grande eixe vertebrador dese proxecto de futuro. Portugal tiña claro naquela altura o carácter estratéxico da cohesión e a vertebración do país (e a proxección atlántica) fronte a conexión con Madrid. Portugal priorizou os seus intereses fronte á subordinación a Madrid. Portugal e Galiza teñen intereses comúns.

Para entender o que significa o tren de alta velocidade Lisboa-Porto-Vigo hai que ter en conta o enorme potencial do espazo urbano que vai de Lisboa a Galiza, unha das 40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

megarrexións máis importantes do mundo por poboación, PIB e número de patentes. No ámbito da península ibérica xogamos na mesma liga que Madrid e o eixe Barcelona Lyon.

2.O impulso da liña de alta velocidade Vigo Porto é tamén un proxecto estratéxico e prioritario para Galiza, dentro dunha visión atlántica de futuro. Constitúe unha especie de trabema esencial para a vertebración territorial, o intercambio cultural, o desenvolvemento económico e a xeración de oportunidades e traballo nos nosos países. Nomeadamente para a Eurorrexión, un territorio con 6,5 millóns de habitantes con fortes vencellos no ámbito económico e con unha intensa mobilidade motorizada através das Pontes obre o río Miño. A aposta polo tren permitiría, neste ámbito, o fomento dun xeito de mobilidade máis sustentábel, saudábel e seguro como alternativa ao transporte por estrada.

Mais hai outros factores que xogan a favor desta integración territorial, socioeconómica e da mobilidade: a Comisión Europeo sinalou o tren Vigo Porto, xunto coa liña Bucaret-Budapest, como exemplos de iniciativas de especial interese en materia de comunicacións transfronteirizas do Mecanismo Conectar Europa. E as institucións europeas tamén acordaron incluír a liña Vigo-Porto no Corredor Atlántico.

3. O goberno español debe aproveitar todas as oportunidades, tamén o financiamento con fondos europeos, para impulsar a construción da nova liña de alta velocidade Vigo-Porto, dándolle continuidade cara ao sur ao Eixo Atlántico Coruña (tamén no futuro Ferrol)-Vigo. O obxectivo debe ser ter unha liña moderna e competitiva que permita facer a viaxe directa nun tempo de aproximadamente unha hora (actualmente o tempo de viaxe é de 2 h 23 min).

Nos últimos meses producíronse unha serie de feitos que non permiten ser optimistas en canto aos prazos de execución da liña ferroviaria de velocidade alta entre Vigo e Porto.

O cambio no goberno portugués podería levar ao retraso na execución desta infraestrutura vital para o futuro de Galiza. E existe unha alianza de facto entre a comunidade de Madrid e a alcaldía de Lisboa para impulsar o AVE Lisboa Madrid fronte á liña de alta velocidade Lisboa-Vigo. A este respecto, é necesario que a Xunta e o PP se desmarquen da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

postura da presidenta da Comunidade de Madrid e poñan por diante a defensa dos intereses de Galiza.

A aprobación polo parlamento europeo do novo Regulamento da Rede Transeuropea de Transportes no que a liña Vigo Porto quedou excluída da Rede Básica (previsión de execución e financiamento no horizonte de 2030) e quedou incluída na Rede Básica ampliada (horizonte 2040) constitúe unha mala noticia para Galiza.

A realidade é que o goberno español tampouco amosou moito interese no impulso desta infraestrutura. No ano 2021 encargou -logo se sucesivas demoras- un estudo de alternativas para a chamada Saída Sur (a conexión directa entre Vigo e Valençá sen ter que ir cara atrás por Redondela) “Estudio de alternativas de la salida sur ferroviaria de Vigo” á empresa PROINTEC, S.A, por importe de 301.904,68 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 12 meses. O contrato adxudicouse a finais de agosto de 2021 e formalizouse a finais de outubro de 2021.

No mes de maio de 2023 o MITMA adxudicou por 884.000 euros o estudo informativo da saída Sur de Vigo á UTE Prointec-Geoconsult, con un prazo de execución de 18 meses.

Ten previsto o goberno galego impulsar a construción da Variante de Alba no concello de Pontevedra, en colaboración co concello e tomando como base o proxecto elaborado polos técnicos municipais no ano 2021?

Vai o goberno incluír unha partida nos orzamentos da Xunta para o ano 2025, co obxectivo de iniciar as obras nesa anualidade?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 14/04/2025 13:38:30

Paulo Ríos Santomé na data 14/04/2025 13:38:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao incumprimento das actuacións incluídas no Plan Move.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno da Xunta aprobou no ano 2010 o coñecido como Plan Move (Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015), no que se previa unha programación estratéxica de investimentos e actuación na rede viaria.

Este plan previa diferentes tipos de actuación: en vías de alta capacidade, en vías estruturantes, en vías complementarias, en ámbito urbano, de seguridade viaria... Tamén incluía previsión de investimentos de cada unha das actuacións así como o calendario de execución das mesmas.

Transcorridos 14 anos desde a aprobación do Plan, unha boa parte das actuación previstas non están executadas e outras están en fase de proxecto ou en execución. Cómpre ter en conta que a maior parte das actuacións deberían estar rematadas no ano 2015.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento das previsións do Plan Move?

Que actuación das previstas no Plan Move foron desbotadas e por que razón?

Que previsións ten a Xunta en relación coa execución das actuacións estratéxicas incluídas no Plan Move?

Ten previsto o Goberno galego elaborar unha nova planificación estratéxica de ampliación e modernización da rede viaria?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 14/04/2025 13:46:35

Paulo Ríos Santomé na data 14/04/2025 13:46:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o polígono agroforestal de San Miguel de Valga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nunha estratexia claramente propagandística e distorsionada, o goberno da Xunta do PP lanzou a proposta dos polígonos agroforestais e aldeasa modelo como unha suposta solución para a recuperación e mobilización da terra agraria. Facíao mentres como consecuencia das políticas desenvolvidas polo propio goberno da Xunta se incrementaba o abandono e a redución da superficie agraria útil. O mesmo PP que demonizou o Banco de Terras pretende facerse pasar polo que vai combater a despoboación e o abandono que sofren importantes zonas do rural e do interior do país.

Estas medidas parciais e de autobombo anunciábanse mentres se paralizaban e se adiaban instrumentos estruturais previstos na lei do solo e nas directrices de ordenación do territorio como o mapa e o catálogo de solos.

Segundo a normativa que os regula, “Os polígonos agroforestais poden ser de iniciativa pública ou de iniciativa privada e en ámbolos dous casos deberá contarse co acordo dos propietarios de máis do 70% da superficie do polígono. Deberá existir un estado de abandono ou infrautilización nun mínimo do 50 % da superficie do polígono, agás que os propietarios de máis do 70% da superficie se comprometan desde o inicio a manter ou pór en produción as terras”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a información disponible na web de AGADER, hai actualmente 34 polígonos agroforestais en tramitación, todos de iniciativa pública, que afectan a 9.532 hectáreas. Os máis avanzados son os de Cualedro e Oímbra, con 64 e 21,76 hectáreas, iniciados en novembro do ano 2021 e que están na fase de “procedemento de concorrencia”.

A maior parte dos polígonos están en fases iniciais, en “acordo de inicio” ou en “actuacións previas”. Un dos que está na fase de “acordo de inicio” é o Polígono Agroforestal de San Miguel de Valga con data de acordo de inicio do 20.7.2023 (DOG do 10 de agosto de 2023) que ten unha superficie de 29,57 ha divididas en 377 parcelas. No mes de outubro de 2023 publicouse a declaración de utilidade pública e interese social, por medio do Decreto 132/2023 do 14 de setembro (DOG do 3 de outubro de 2023).

A tramitación deste proxecto fíxose con total ocultación e falta de transparencia, xa que a primeira noticia que tivo a veciñanza foi nun acto informativo que tivo lugar o 10 de novembro de 2023, meses despois de publicarse o acordo de inicio.

Na veciñanza da zona existe unha grande inquedanza con respecto a esta proposta como se puxo de manifesto no grande número de escritos presentados no rexistro da Xunta nos que advirten das consecuencias negativas que pode ter para a saúde e o medio ambiente a transformación do uso dos terreos obxecto do pretendido polígono. Neses escritos tamén manifestan o seu rexeitamento do proxecto e a intención de non unirse de xeito voluntario.

Transcorridos case dous anos do acordo de inicio e sen que se coñeza máis información ao respecto, o grupo parlamentario do BNG presenta as seguintes preguntas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Ten previsto a Xunta proseguir coa tramitación do polígono agroforestal de San Miguel (Valga) logo de que unha boa parte da veciñanza da zona e titulares dos terreos afectados manifestase a súa oposición ao proxecto?

Que entidades ou persoas solicitaron a tramitación deste polígono agroforestal?

Considera a Xunta que os terreos obxecto deste polígono agroforestal cumpren os requisitos para a súa aprobación?

Que estudos se fixeron para a formulación da proposta e que usos se lle pretende dar aos terreos do polígono agroforestal?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 14/04/2025 16:52:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/04/2025 16:52:16

Alexandra Fernández Gómez na data 14/04/2025 16:52:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a mazá da Estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario galego sofre un grave declive en todos os seus eidos produtivos. O que en Galiza foi un pilar chave da nosa economía na historia recente converteuse, nos derradeiros anos, nunha actividade complementaria a outras para aqueles que a levan a cabo, ou nunha actividade que de ser a única que ten unha rendibilidade cada vez menor. Esta mingua ven derivada do noso déficit de industrialización, das escasas aplicacións de melloras en canto a tecnoloxía e do desleixo a carón dos estudos realizados sobre os distintos sectores, cunha falla evidente de investimento e continuidade nestes, sen esquecer a escaseza de relevo xeracional e man de obra, que nos acaecen con especial gravidade e son o resultado de políticas de mantemento básico da Consellería de Medio Rural, sen obxectivo claro de mellora en ningún dos ámbitos que a ocupa.

O primeiro factor de difícil explicación no caso das producións galegas é diferenza entre a calidade do produto ofrecido e os prezos que se reciben por este en orixe, de xeito que unha materia prima de calidade óptima non deixa absolutamente ningún valor engadido nas áreas produtivas, marchando fóra do noso territorio para deixar beneficio no seu procesamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto ocorre no caso da produción de mazá na zona da Estrada, aínda que non é a única do país na produción desta froita, onde tamén son importantes zonas de Cedeira, Ortigueira, San Sadurniño, Chantada, etc. No caso da comarca do Deza, Tabeirós e Terra de Montes, a existencia desta produción e presenza de pomares débese a un grande número de produtores de pequeno e mediano tamaño que xeraron arredor do concello da Estrada unha dinámica de produción e comercialización desta froita, coa aparición de actores que fomentaron o aumento de produción por necesidades de mercado.

Esta demanda do mercado, por importante que semelle, non mellora os prezos que perciben os propietarios/as dos pomares, sexa cal sexa a cantidade de mazá recollida. A venda galega a 33 céntimos o kg contrasta ao comparala cos 44 céntimos que perciben en Asturias (CCAA que merca o noso produto para o uso na elaboración de sidra) ou os 55 céntimos cos que se xoga no País Vasco. En Galiza temos a produción de mazá para sidra máis grande do estado español ao sumar todas as zonas dedicadas a este cultivo do país, amosándose claramente nos datos da campaña de 23/24, onde en toneladas temos 61.112, máis do dobre que no caso de Asturias e case 6 veces máis que en Euskadi. Aumentamos un 8,4% a produción con respecto á anualidade previa, importando na totalidade do estado menos mazá que na tempada anterior, sumando a de mesa e a destinada á produción de sidra.

No caso da Estrada hai un detalle engadido de elevada importancia e é o carácter ecolóxico desta produción froiteira, sendo a de maior relevancia no conxunto da UE, cunha cantidade de 1,5 millóns de kg de mazás anuais, cantidade que se atopa en perigo e con dificultade de ser conservada xa que o 40% das árbores están a chegar ao seu límite produtivo pola idade, cunha caída no rendemento alta e que urxe de proxectos de rexeneración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade a estimación de custos de produción sobre a que se toman referencias trátase dun estudo de 2019, momento dende o cal os sectores produtivos sufriron fondas transformacións derivadas de factores estruturais e sociais que requiren dunha actualización urxente dos datos. Malia iso, nese documento indícase que para producir un quilo de mazás destinadas a elaboración de sidra se invisten 41 céntimos, que choca cos prezos recibidos por os agricultores, que precisan alomenos 15 hectáreas para que unha rendibilidade aceptable, superficie plantada da que carecen a grande maioría deles. Deste xeito queda claro que na actualidade este tipo de plantacións para esa fin teñen un escaso retorno económico, o que ocasiona graves problemas nos produtores e unha situación de incerteza constante no que se refire á viabilidade das plantacións, que non só teñen a importancia da produción e xeración de riqueza económica, se non que a maiores gardan en si mesmas unha riqueza paisaxística propia destas zonas do territorio e unha conservación e protección deste pola que debemos pular.

Precísase dunha análise ampla do sector, onde se poñan enriba da mesa as principais eivas do mesmo, coas debilidades tanto estruturais coma sociais e económicas deste, para así poder valorar posibles solucións sobre o terreo e que a produción de mazá non se perda no país e por ende, na Estrada, onde ten grande protagonismo na actualidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Mantivo reunións a Consellería de Medio Rural entre produtores, comerciantes e industria actuando como mediadora para chegar a acordos para que o prezo da mazá en orixe confira ao sector a rendibilidade necesaria para que continúe a ser punteiro en Europa e non desapareza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Se foi así, que resultados se acadaron deses encontros?
3. Prevé a Xunta de Galiza levar a cabo un plan de acción con medidas concretas e dotado do financiamento necesario para facer fronte á caída de produción das árbores que están chegando ao seu límite produtivo e a rexeneración destas?
4. Levouse a cabo a cesión dos terreos por parte do Concello da Estrada para albergar no polígono de Toedo o centro de almacenamento e lavado de mazá que os produtores reclamaron e que a propia Consellería se comprometeu a construír?
5. Cando comezarán as obras para a construción do centro de almacenaxe, lavado e triaxe da mazá da Estrada e en que período se prevé que poida comezar a ser usado polos produtores/as?
6. Que liñas de acción e medidas de apoio prevé aplicar a Consellería de Medio Rural no caso da produción de mazá na Estrada para que o sector poida diversificarse e non dependa totalmente de industria externa que procese o seu produto?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Montserrat Valcárcel Armesto

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 15/04/2025 11:07:19

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/04/2025 11:07:35

Secundino Fernández Fernández na data 15/04/2025 11:08:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre **SENTURY TIRE SPAIN S.L.U.** nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo estudo sobre do “Impacto Socioeconómico nas Pontes da Descarbonización Enerxética”, elaborado para o Concello das Pontes por un equipo de investigación da Universidade da Coruña en marzo de 2021, “en ausencia de políticas de compensación e/ou recuperación”, o impacto do peche da central Térmica “en termos de emprego, significa a perda de 1.178 postos de traballo no concello ocupados por residentes”, cifra que elevaba aos 1.477 de contemplar o resto de concellos da zona de influencia. Sinalaba tamén que, baixo as mesmas circunstancias, “un 32,65% da poboación activa residente conservaría o seu emprego na localidade, un 34,06% pasaría a atoparse sen emprego, e o restante 33,29% de activos residentes estaría traballando fóra da localidade”, cun desemprego rexistrado local que “aumentaría nun 284,54%.”

Dende o comezo da chamada transición xusta, As Pontes presenta unha perda de afiliación á Seguridade Social dun 14%, con só un 3% de persoas de menos de 25 anos que cotizan, cunha baixada do 33% nas sociedades anónimas empresariais, namentres que a diminución no padrón de habitantes é dun 3,5%, baixando dos 10.000, cunha porcentaxe de persoas con 65 anos ou máis do 28%, moi superior ao valor estatal, e tamén ao de Galiza e da provincia da Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 6 de outubro de 2022, o Consello da Xunta adoptou o acordo de declaración do proxecto da fábrica de pneumáticos Sentury no concello das Pontes como Proxecto Industrial Estratéxico, PIE, o primeiro en ser declarado tal, cun investimento superior aos 0,5 millóns de euros e cunha xeración de 750 empregos directos, nunha primeira fase, para producir e exportar aos USA.

Xa en setembro de 2021, nunha reunión da promotora co Concello e axentes sociais, situaba no inicio do 2022 o comezo das obras de preparación do terreo e a mediados do mesmo ano as obras da fábrica, co mes de xuño para formar persoal, primeiro na fábrica de Tailandia e despois nas Pontes, co 2024 para estar a pleno funcionamento. Na mesma xuntanza, a representante da empresa afirmou non precisar axudas públicas, sen renunciar a elas, non preocuparlle a subministración eléctrica, e fixou nos tempos o elemento chave máis importante, por razón de posíbeis competencias na área xeográfica.

No 2023, con prazos xa incumpridos, a Xunta e o Concello das Pontes anunciaban o inicio das obras da fábrica para despois do verán (e das eleccións municipais), o Alcalde afirmaba que o proxecto faría das Pontes un “motor industrial e un enclave industrial estratéxico para Galiza”, e asinaba un acordo co presidente do grupo empresarial promotor para dar preferencia na formación e na contratación ao persoal das Auxiliares e dos transportistas do carbón; mentres, o día anterior, nunha reunión co mesmo cargo para “avaluar o avance na tramitación da iniciativa”, o Presidente da Xunta, que coordina os PIEs, poñía en valor “o compromiso con Galiza demostrado por Sentury”.

Xa en maio de 2024, ano no que debería entrar en funcionamento a fábrica, segundo a promotora e as administracións públicas, e sen ter iniciado as obras, o BNG demandaba no Parlamento explicacións á Conselleira de Economía e Industria, que afirmaba non ter “noticia oficial” do desestamento do proxecto e rexeitando a fuga de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sentury, ademais de cualificar o traballo da Xunta como “de libro”, nomeadamente pola resolución favorábel da DIA “en cinco meses”.

Hoxe, xa no 2025, a incerteza semella transformarse en ausencia de credibilidade, acrecentada polos silencios da Xunta e do Concello, as mesmas administracións que tiveron presa por apuntarse o proxecto e vendelo. O certo é que a fábrica está en marcha, producindo dende setembro de 2024, e agardando por unha ampliación, pero non nas Pontes, en Marrocos, onde segundo a Conselleira teñen unhas “garantías inferiores” para a aprobación dos proxectos ás que rexen en Europa.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Cal é o estado de tramitación, os próximos trámites e o seu cronograma previsto do proxecto da fábrica de pneumáticos radiais de alto rendemento de SENTURY TIRE SPAIN S.L.U.?
2. Cales son os aspectos críticos actuais do proxecto da fábrica de pneumáticos radiais de alto rendemento de SENTURY TIRE SPAIN S.L.U.?
3. Continúa a Xunta, na actualidade, a poñer en valor “o compromiso con Galiza demostrado por Century”? Confía a Xunta na implantación definitiva do proxecto nas Pontes?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Ramón Fernández Alfonzo
Brais Ruanova Vilas-Boas
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 15/04/2025 12:41:37

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/04/2025 12:41:43

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/04/2025 12:41:52





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:09:00
Nº Rexistro: 24218
Data envío: 16/04/2025 11:09:00,873

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 322A. Fomento da empregabilidade ten unha execución do 46,6 % no ano 2024.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración realiza o Goberno galego da baixa execución en materia de políticas activas de emprego, en concreto ao fomento da empregabilidade durante os últimos 10 anos?
2. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para corrixir a baixa execución en materia de fomento da empregabilidade?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 10:52:41

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 10:52:55

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 10:53:07

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80933

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:10:17
Nº Rexistro: 24223
Data envío: 16/04/2025 11:10:17.826

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 323A. Formación profesional para desempregados ten unha execución do 47,9 % no ano 2024.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración realiza o Goberno galego da baixa execución en materia de políticas activas de emprego, en concreto do programa 323A de formación profesional para desempregados durante os últimos 10 anos?
2. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para corrixir a baixa execución en materia de formación profesional para desempregados?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 10:57:54

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 10:58:05

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80934

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:10:17
Nº Rexistro: 24223
Data envío: 16/04/2025 11:10:17.826

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 10:58:15

CSV: BOPGDSPG-zijysrvH-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80935

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:11:41
Nº Rexistro: 24228
Data envío: 16/04/2025 11:11:41.684

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Coñecida a última execución orzamentaria do ano 2024 facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 323B. Formación profesional de ocupados ten unha execución do 41,5 % no ano 2024.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración realiza o Goberno galego da baixa execución en materia de políticas activas de emprego, en concreto do programa 323B de formación profesional para ocupados durante os últimos 10 anos?
2. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para corrixir a baixa execución en materia de formación profesional para ocupados?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 11:04:51

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80936

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 11:11:41
Nº Rexistro: 24228
Data envío: 16/04/2025 11:11:41.684

Elena Espinosa Mangana na data 16/04/2025 11:05:05

Silvia Longueira Castro na data 16/04/2025 11:05:18

CSV: BOPGDSPG-zijysrvH-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80937

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre a anulación da prórroga da AP 9 e o rescate da concesión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno do parlamento do 14 de maio de 2014 aprobou o seguinte acordó

“O Parlamento insta a Xunta a demandar do Goberno do Estado que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:

- a anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP 9*
- a asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes*
- o impulso da transferencia da AP 9 a Galiza.*

Ademais, o Parlamento insta a Xunta a ser parte activa deste procedemento encargando un estudo no que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP 9”.

Este acordo unánime abre vías para conseguir o dobre obxectivo da galeguidade e gratuidade da autoestrada AP 9, rematando coa aldraxe e a estafa que supón na actualidade, pola ampliación da concesión até 2048 e o cobro de peaxes abusivas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A iniciativa aprobada polo pleno do parlamento propón demandas ao goberno central (transferencia da autoestrada, anulación da prórroga en vigor e xestión directa) e tamén á Xunta, centradas estas na encarga dun estudo xurídico e sobre a estimación de custos do rescate da concesión e a xestión directa da mesma.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Que previsións ten a Xunta en relación co cumprimento da parte que lle afecta do acordo parlamentar do 14 de maio de 2024 en relación coa concesión da autoestrada AP9?

-Que xestións fixo o goberno galego diante do goberno central en relación coa transferencia da autoestrada e o rescate da concesión?

-Encargou a Xunta os estudos aos que fai referencia o acordo parlamentar?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 16/04/2025 11:51:59

Paulo Ríos Santomé na data 16/04/2025 11:52:10

Alexandra Fernández Gómez na data 16/04/2025 11:52:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luís Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a instalación de liñas de alta tensión en Arteixo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitíu unha declaración de impacto ambiental relativa ao proxecto da liña de alta tensión a 66 kv desde a subestación do parque eólico de Monteagudo até a subestación de Morás, no concello de Arteixo, Carballo e A Laracha.

O proxecto inicial recibiu “1.889 alegacións, presentadas por particulares, plataformas ou asociacións”, que non son públicas e cumpriría coñecer a súa resolución.

Todas estas alegacións recollían cuestións de flagrante ilegalidade no cumprimento das obrigas ambientais, patrimoniais e mesmo nas afeccións ao patrimonio particular da veciñanza. Sirva de exemplo a seguinte escolma:

- Existen varias inconcrecións na DIA que xeran dúbidas, como as posíbeis addendas ou documentación complementaria que se poida precisar, xa que inciden na provisionalidade do aprobado e non especifican en que medida se autorizan estas modificacións e en que aspectos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Hai cuestión especialmente preocupantes en relación con posíbeis xacementos arqueolóxicos. Entendemos que non se debería aprobar a DIA sen aclarar este e outros aspectos, ademais de que tampouco se especifica cales serían as consecuencias para o proxecto en caso afirmativo.

- No caso da afectación ambiental, a DIA especifica varias especies que se verán afectadas por este proxecto. Porén, non indica ningún tipo de protección nin medida correctora adicional.

- A propia DIA indica que os accesos están por determinar e por informar por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, aínda que este organismo si informa sobre outros aspectos. A DIA especifica que existen varias anomalías, mais non se anexan nin se concretan. O lóxico sería resolver ou aclarar estas anomalías antes de proceder á aprobación da DIA, especialmente cando está por “dilucidar se se trata dun xacemento arqueolóxico”.

- A DIA reconece que o proxecto ten unha “lonxitude considerable”. A pesar disto, a Axencia Turismo de Galicia reconece un impacto reducido no turismo local e na súa contorna.

- O seu prazo de execución é de 7 meses. Debido á complexidade da obra, con varios treitos soterrados, non parece un prazo realista.

Por todo isto, consideramos que esta Declaración deixa sen aclarar moitas cuestións de relevancia para un proxecto que vai afectar a unha parte importante da superficie do Concello de Arteixo, e para moitas outras indica especificamente que poderán ser modificadas máis adiante, deixando no aire demasiados aspectos para un proxecto tan relevante e que vai ter tantas consecuencias para Arteixo, como a propia DIA reconece.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa contestación oral na Comisión 2ª:

- O goberno galego vai modificar a Declaración de Impacto Ambiental en relación coas diferentes anomalías sen concretar e coa súa solución?
- En que prazo o vai facer?
- O goberno galego vai suspender a Declaración de Impacto Ambiental relativa ao proxecto da liña de alta tensión a 66 kv desde a subestación do parque eólico Monteagudo até a subestación de Morás, no Concello de Arteixo, Carballo e A Laracha mentres non se resolvan as eivas detectadas?
- Terá en conta as alegacións presentadas ao proxecto?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 16/04/2025 12:07:03

José Manuel Golpe Acuña na data 16/04/2025 12:07:18

Luis Bará Torres na data 16/04/2025 12:07:28





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

Cada vez que se produce unha vaga de incendios o Partido Popular e o Goberno galego volven a incidir no de sempre en criminalizar á cidadanía falando dos moitos pirómanos e incendiarios que ao seu entender proliferan libremente polos montes de Galicia.

A propia conselleira do Medio Rural afirmaba ante os primeiros lumes da tempada 2024 de forma literal “son probablemente intencionados e van no ADN de Galicia”, igual que fixeron tantas veces cando as cousas se volvían en contra apelando a un suposto terrorismo incendiario, argumento que foi desmontado dun xeito contundente e repetidas veces pola fiscalía de Galicia.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema de orde pública, aínda que ben sabemos que é preciso manter os esforzos neste eido e na persecución do delito. O problema dos incendios en Galicia é o abandono absoluto no que está o territorio, deste mundo rural desmantelado que o Partido Popular e o Goberno galego decidiron esquecer e seguen a facelo logo de gobernar a Xunta de Galicia durante a maior parte da súa existencia.

Considera este grupo parlamentario que é necesario consolidar e mellorar a eficacia do dispositivo contra incendios forestais. Temos que darlle apoio material, pero en tal caso debería atender o Goberno galego as achegas que se fixeron no ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios



forestais e do Plan forestal de Galicia, a resultas da vaga de lumes que se sufriu en Galicia en outubro do 2017.

E por esa mesma razón a Xunta de Galicia debería atender as conclusións e recomendacións que con motivo do anterior ditame fixo o grupo de expertos en incendios forestais, e que recolleron nun documento que foi entregado no Parlamento no verán de 2019.

É obvio que moitas das melloras que propoñían aínda non foron implementadas nin asumidas polo Goberno galego, creouse unha dirección xeral pero no que non se tratou dun reparto axeitado dos medios de loita existentes na comunidade autónoma conforme á situación actual.

No documento xeral elaborado polo grupo de traballo presentáronse varias táboas sobre a distribución ideal das brigadas, tanto en canto ao seu número como ao seu despregue territorial e temporal. Nas táboas presentadas evidénciase claramente unha forte distorsión ou descompensación no reparto actual das brigadas respecto do modelo proposto, uns desaxustes que debería ter en conta a Consellería do Medio Rural á hora de definir e distribuír o operativo.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Por que a Consellería do Medio Rural non procedeu ao reparto de medios de loita existentes na comunidade autónoma, os reforzos necesarios e a súa distribución territorial, axustándose verdadeiramente á incidencia dos lumes por comarcas e distritos, tal como indicaba o comité de expertos?
2. Ten previsto realizar a Consellería do Medio Rural a tan mentada reestruturación dos distritos forestais?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2025 12:16:55
Nº Rexistro: 24237
Data envío: 16/04/2025 12:16:55,550

3. De ser positiva a anterior resposta, que cronograma manexa a Consellaría do Medio Rural para a aplicación desta medida?
4. Cal foi o reparto nos dous últimos anos dos medios de loita, por comarcas e distritos?
5. Cal é o reparto actual dos medios de loita existentes na comunidade autónoma, e a súa distribución territorial?
6. Cre a Consellería do Medio Rural que ese reparto se axusta verdadeiramente á incidencia dos lumes?

Parlamento de Galicia, 16 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/04/2025 12:12:52

Lara Méndez López na data 16/04/2025 12:13:03

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

80947

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Óscar Insua Lema e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a adoptar pola Xunta de Galiza na estrada AC-440, na entrada de Muxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende sempre, e non hai máis que ver as ortofotos da metade do século pasado, na entrada do concello de Muxía, onde se sitúa a praia da Cruz, o vento do nordés despraza as dunas da mesma e deposita a area na estrada AC-440, dificultando a circulación do tráfico na vía de acceso principal no pobo de Muxía, xa que a duna na estrada chega a acadar o metro de altura nalgún tramo, como está ocorrendo estes días.

Esta circunstancia non é temporal, pois o vento nesta zona, sopra durante todo o ano, e o problema persiste, sen que a día de hoxe a Xunta de Galiza, titular da estrada e con competencias en ordenación e xestión integrada do litoral de Galiza, adopte unha solución para resolver esta situación, sen esperar a ter que volver á sinalización con conos de forma puntual, e canalizando o tráfico de vehículos por un só carril, na principal vía de acceso á vila de Muxía.

Esta situación, que se repite nalgún outro lugar na Costa da Morte, debe ser resolto con algunha medida, que implique ou ben modificar o trazado da estrada, ou ben impedir con algunha acción sobre o terreo que a area se deposite na estrada. Onte a area foi retirada para permitir a circulación normal do tráfico, pero o vento segue soplando e o problema, lonxe de solucionarse, aparecerá de novo, polo que deben comezar a estudar por parte da Xunta de Galiza, de forma urxente, actuacións para dar unha solución definitiva a esta problemática.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Ten a Xunta de Galiza previsto realizar algunha actuación, neste ano 2024, para dar solución ao problema da ocupación da estrada AC-440 pola duna da praia da Cruz en Muxía?
- Ten a Axencia Galega de Infraestruturas un protocolo para este tipo de situacións permanentes no tempo?
- Vai aprobar a Xunta de Galiza de forma provisional un plan de mantemento anual e periódico, namentres non se executa unha solución definitiva?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asdo.: **Óscar Insua Lema**
Luis Bará Torres
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 16/04/2025 12:14:51

Luis Bará Torres na data 16/04/2025 12:15:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a execución da autovía Costa da Morte AG-55 no 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autovía AG-55 da Costa da Morte está paralizada e sen rematar. O último trazado finalizado e aberto aos usuarios da comarca foi de 27 quilómetros no ano 2016 entre Carballo e Salto (Zas), dos cales 25,5 Kms. son de alta capacidade e 2,2 Kms de vía rápida. Este tramo executouse cun modelo contractual de colaboración público-privada, mediante unha concesión que finaliza no ano 2038. Levamos por tanto, oito anos, dúas lexislaturas de gobernos do PP, sen construír un só metro desta vía de alta capacidade.

No ano 2020 incluíron nos orzamentos 1 millón de euros para este proxecto, no 2021 6 M€, no 2022 3,43 M€, no 2023 3,5 M€ e para este ano 2024 2 M€. Mais o goberno galego leva dende o ano 2016, e xa van 9 anos, sen licitar un só euro para executar obras na autovía AG-55 da Costa da Morte, a pesar das promesas electorais da Xunta de Galiza.

Na Axencia Galega de Infraestruturas non teñen coñecemento da intención do goberno galego de executar o tramo entre Salto e Berdoais nin este ano, nin os seguintes, ao contrario, teñen o proxecto aparcado no estante onde quedou hai oito anos. Un proxecto no que constaba unha autovía ata Berdoias e dous tramos máis de autovía de Berdoias a Cee, e de Cee ao porto de Brens, evitando o tráfico polo centro da vila. A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

este proxecto recollido nas previsión do plan MOVE do ano 2010, habería que engadirlle a necesidade de realizar as obras de conexión da autovía co polígono de Vimianzo. A día de hoxe, rematando o mes de maio, na plataforma de contratos públicos de Galiza, a Axencia Galega de Infraestruturas non iniciou ningún procedemento de licitación de contrato de obra pública para esta autovía AG-55.

A Conselleira de infraestruturas, a pregunta deste grupo, contestou no pleno do parlamento que tiña un compromiso de realizar a autovía AG-55, mais a realidade parece que é outra moi distinta, pois non existen indicios de que se inicie este ano nin licitación nin obra algunha.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Vai a licitar a Axencia Galega de Infraestrutura, este ano 2024, o contrato de obras para executar a fase da autovía A-55 entre Salto e Berdoais coa partida establecida nos orzamentos deste ano de 2 millóns de euros?
- Vai utilizar o goberno galego o mesmo sistema de colaboración público-privada xa utilizado na mesma autovía?
- A partida orzamentaria de 2 millóns de euros é suficiente para licitar o tramo entre Salto e Berdoias?
- Cantos quilómetros de estrada da autovía de alta capacidade van a executar con 2 millóns de euros?
- Cal é a previsión da Consellería para executar o orzamento desta obra? Cal é o estado real desta partida no orzamento da Xunta neste ano 2024?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Daniel Pérez López
Luis Bará Torres
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 16/04/2025 12:25:15

Daniel Pérez López na data 16/04/2025 12:25:24

Luis Bará Torres na data 16/04/2025 12:25:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a continuación da autoestrada AG-31 ate a fronteira portuguesa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

